



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
E DO MAR**

Xefatura Territorial da Coruña
Xefatura de Coordinación da Área do Mar
Rúa Ramón y Cajal, 2.º andar (Casa do Mar)
15009 A Coruña
Tel: 981 182 000; Fax: 981 182 228

galicia

**RESOLUCIÓN DESTA XEFATURA TERRITORIAL POLA QUE SE AUTORIZA A
EXTRACCIÓN DE PERCEBE NA CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUXÍA.**

Por mor do disposto na Orde do 22 de decembro de 2014 (DOG Nº 250, de 31 de decembro de 2014) pola que se aproba o PLAN XERAL DE EXPLOTACIÓN MARISQUEIRA PARA O ANO 2015 e ao amparo do Decreto 237/02 de 11 de xulle que modifica o Decreto 423/93, polo que se refunde a normativa vixente en materia marisqueira, de extracción de algas e cultivos mariños, así como o Decreto 15/2011, de 28 de xaneiro polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia; vista a solicitude da CONFRARÍA DE PESCADORES DE MUXÍA para a extracción de PERCEBE, esta Xefatura Territorial no exercicio das súas competencias e previos os informes técnicos favorables, ACORDA ditar a seguinte

RESOLUCIÓN

DATAS: 1,2,3,4,10,11,15,16,17,18,28,29 e 30 de setembro.

Non se autoriza a extracción os días 21 e 22 de setembro xa que a marea non é a axeitada para a actividade.

ZONA:

Subzonas: Zona A (Touriñán): de praia de Nemiña a punta Matemao (CM-026, CM-027)

PUNTOS DE CONTROL:

A pé: Zona A- saída da pista de Moreira (ED50.478845-4765143),

Embarcacións: rampla do peirao de Muxía (ED50. 482504-4772772)

Cómpre lembrar que o percebe extraído debe ir do punto de control á lonxa, onde se emitirá o documento de transporte no caso de ser trasladado a outra lonxa para a súa venda.

Asimismo, lémbrese que o paso polo punto de control é obrigatorio para todos los participantes do plan, polo que neste débense recoller os datos de captura diarios de todos os percebeiros tanto dos que venden na lonxa desa localidade como dos que a levan a outra lonxa co correspondente documento de transporte.

PUNTOS DE VENDA: lonxa de Muxía e outras lonxas autorizadas.

TOPES DE CAPTURA:

Embarcación: 6 kg. habilitación enrolado e a bordo/día

A pé: 6 kg. mariscador/día

HORARIO: De dúas horas e media antes a dúas horas despois da primeira baixamar diúrna, e ata as 18:00 h. como máximo.

Contra esta resolución que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse RECURSO DE ALZADA ante a conselleira do Medio Rural e do Mar no prazo DUN MES dende a notificación ou publicación desta resolución, segundo os artigos 114 e 115 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/99.

A Coruña, 25 de agosto de 2015

O xefe territorial

F.D. de firma (Resolución do xefe territorial de 21 de xullo de 2015)

O xefe de coordinación da Área do Mar

Juan Carlos Barreiro González